



Diócesis de Astorga

Día 7

La Iglesia Hoy

AÑO LVII. N° 2.937

DOMINGO

4 DE SEPTIEMBRE DE 2005

"Las fiestas populares forman parte de la cultura de los pueblos"

EN PORTADA:

Fiestas y cultura

Rompiendo viejos moldes, y abriendo caminos nuevos para celebrar sus fiestas populares, empiezan a aparecer en pequeños pueblos rurales iniciativas llevadas a cabo por las jóvenes generaciones para dar contenidos más atractivos a sus fiestas populares.

Para poder crear el clima social propicio para celebrar las fiestas populares se necesita que los pueblos se animen también con la presencia de sus hijos, los pocos que no se ausentan de los mismos y, sobre todo, los muchos que buscando nuevas y más prometedoras formas de vida se han tenido que ausentar de sus raíces. Y son estos que regresan a sus raíces los que van aportando savia renovada.

Aunque suelen ser muy fieles a sus tradiciones los pueblos que ponen alma en la celebración de sus fiestas, consuela también comprobar que comienzan a aparecer, de forma tímida pero a la vez atrevida, nuevas formas de perfeccionar estas fiestas populares, en gran medida gracias a esta savia nueva que a los pueblos aportan los hijos que crecen y se forman en ambientes culturalmente diferentes. Y este fenómeno que va apareciendo en no pocos pueblos ayuda a unos y a otros, los que viven fuera la mayor parte del año, y los que mantienen encendida la llama



de las tradiciones dentro de las poblaciones empobrecidas.

Las fiestas populares forman parte muy importante de la cultura de un pueblo. Pero la cultura no se agota ni siempre se manifiesta en sus mejores y más ricas formas en sus fiestas. Porque la cultura asume, cultiva, madura, perfecciona y se enriquece con un amplio conjunto de valores familiares y sociales.

Por eso, e integrando en sus programas de fiestas importantes valores que los pueblos atesoran, muchas veces sin darse cuenta de ello, van apareciendo celebraciones de "semanas culturales" que no se contentan con abonar cantidades millonarias a un conjunto musical que sólo les divierte una tarde.

En los programas de alguna de estas "semanas culturales" hemos visto celebraciones de más atractivo para niños, jóvenes y adultos, que han incluido conciertos impartidos por coros o agrupaciones musicales, competiciones deportivas o "jornadas de puertas abiertas" para poder visitar museos que en el pueblo recogen obras de arte producidas por algún hijo del pueblo. Hemos conocido muy de cerca la *Semana Cultural* que en su pueblo se tributó al artista Pepe de Barrio, creada por sus jóvenes. Pero hemos tenido noticias también de otras.

A nuestra portada traemos la fotografía del "Orfeón valdeorrés" que supo acercarse de forma altruista al minúsculo pueblo de montaña, Lomalonga, para dar un bello concierto de cantos, formando

parte del programa de su "Semana cultural 2005", que produjo emoción y entusiasta vibración a los asistentes que abarrotaban el lugar del concierto. Hubo también otro bello concierto de violines, de dos profesores venidos del Conservatorio de A Coruña, y concursos de deportes típicos del pueblo, y juegos especiales para niños. En conjunto, una brillante "semana cultural", en torno a su Fiesta.

Porque estamos convencidos de que la cultura fomenta y cultiva la dignidad de los pueblos y de sus gentes, felicitamos a la joven "Asociación Pepe de Barrio" de Lomalonga, que ha sido capaz de iniciar caminos nuevos para que nuestras fiestas populares contribuyan a elevar el nivel cultural de sus generosas gentes. ✠

Volvo a ter esperanza na xente

PACO ASCÓN

Moito me houbera gustado compartir co meu gran amigo Pepe do Barrio, as emocións que sentín nestes últimos días, na súa querida Lamalonga, pero estou seguro, de que dende algún punto do tempo e do espazo, el está disfrutando co que estes **rapaces e rapazas**, ós que tantos consellos sobre a vida, lles deu en vida están levando a cabo no seu pobo.

Fai poucos meses, un grupo de emigrantes de Lamalonga, así como os fillos de emigrantes, puxeron en marcha unha iniciativa cultural interesantísima: **A asociación cultural "Pepe do Barrio"**, esto en si mesmo, non foi demasiado impresionante para mán, pois xa se desenvolverán anteriormente outros intentos de

algo así, pero desgraciadamente perderonse por falta de tesón e ganas de traballar, por algo tan bonito como a unidade do pobo pola cultura, na que sempre crin e pola que sempre loitei aínda que me dixeran que **"aquí non fai falta cultura"**.

O que si me impresionou de estos entusiastas **rapaces e rapazas**, é que é un grupo separado pola distancia dos seus domicilios na emigración, pero moi unidos polos modernos medios de comunicación e por unha idea, que é a recuperación das súas raíces, o seu pobo, as súas tradicións, a súa cultura e a fabulosa obra de Pepe do Barrio que sempre está na mente. Un grupo moi cohesionado, con novas ideas para facer felices os seus veciños, cando tódolos veráns veñen o seu pobo a compartir cultura, ensinar e aprender, en definitiva unha conexión perfecta co seu pobo.

É emocionante, ver como este

grupo de **rapaces e rapazas**, conseguiron encher a igrexa, con veciños de tódalas idades e niveis intelectuais, para disfrutar de dous concertos: o primeiro día, dos violinistas do conservatorio da Coruña, que con un programa de música clásica, deixaron completamente atónitos a tódolos veciños, moitos deles, era a primeira vez que disfrutaban deste tipo de música, podovós asegurar que foi verdadeiramente insólito, os aplausos e a satisfacción dos veciños recordaranse en Lamalonga sempre. O segundo día foi o Orfeón Valdeorras, co seu presidente, un destacado veciño de Lamalonga, Agustín ó frente, que con un cheo aínda maior que o día anterior, puxonos o corazón nun puño e fixonos chorar de emoción. Todos coñeceis o citado Orfeón e as dificultades que representa mover a un grupo tan numeroso de artistas, pois estes **rapaces e rapazas** conseguirono

e eu sentía, como alí sentado con bágoas nos ollos, escoitando a interpretación de Negra Sombra, Pepe estreitabame a man e decíame **"estou orgulloso de estes rapaces, estos si son os meus veciños"**.

Ben, pois estes **rapaces e rapazas**, son a mostra de que nos pobos de montaña, estos pobos tan golpeados pola emigración, tan olvidados polos poderes públicos, donde en inverno se nos pode contar cos dedos da man, podense facer cousas distintas as de traer Orquestas Millonarias, que sangran os bolsillos das xentes, as que non lle sobra o diñeiro e que ademáis, a maioría non as entendemos e que non nos transmiten as emocións que eu sentín estos días.

Si a tódalas actividades especialmente emocionantes, se complementan as merendas populares, as exposicións de fotos antigas, as actividades infantís e a xornada



de portas abertas dos museos de Pepe do Barrio, dende logo eu sinto unha envidia sana, de que no meu pobo no haxa xente así, sempre quixen ser de Lamalonga e agora un pouco máis.

¡¡Lamalonga podes estar orgullosa das tuas xentes!!
¡¡Rapaces e rapazas, eu cando sexa maior quero ser coma vós!!



O Orfeón Valdeorrés protagonizou unha emotiva actuación en Lamalonga **Un concerto clausurará o 25 aniversario do orfeón**

MÓNICA G.B.

Ade Lamalonga (A Veiga) foi sen dúbida unha das actuacións máis emotivas do Orfeón Valdeorrés. Pode que fose pola homenaxe que a Asociación para o Desenvolvemento de Lamalonga "Pepe de Barrio" lle fixo ao escultor, ou pode que fose porque é o pobo natal do seu presidente Agustín Anta, pero o certo é

que a igrexa de Lamalonga quedou pequena para acoller á xente que se congregou para escoitar o concerto de máis dunha hora ofrecido polo Orfeón Valdeorrés no gallo da semana cultural do Alto Bolo.

Habaneras, música tradicional e tamén relixiosa, foi interpretada polos membros da coral ante a atención dos veciños. Para os membros do orfeón, a experiencia foi moi bonita, polo interese da xente e sobre todo porque resulta sorprendente o traballo da asociación por organizar unha actividade

diferente nun entorno natural.

Esta foi a actuación máis recente do Orfeón Valdeorrés que dende o mes de outubro do ano pasado, veñen celebrando o vintecinco aniversario da súa creación.

Malia que ao final non se levaron a cabo tantas actividades como se tiñan pensado nun principio, si houbo unhas cantas, sempre con moito sentimento. Entre elas cabe destacar o concerto ofrecido na igrexa de Santa Rita nun acto no que se homenaxeou aos membros máis antigos, algúns deles xa desa-

O Orfeón Valdeorrés tras actuar na igrexa de Santa Rita.

parecidos, ou a decisión de crear un pin distintivo da agrupación coral, entre outras. Sen dúbida, foi un ano cheo de emocións, xa que vintecinco anos de existencia ás costas non é algo que se poida pasar por alto.

No mes de outubro, rematará oficialmente ese aniversario que o orfeón pretende despedir cun novo concerto, malia que segundo as palabras do presidente Agustín Anta, de momento non está decidida nin a data concreta nin os temas a interpretar.



EANES

O xantar campestre reuniu a veciños e visitantes do pobo.

Lamalonga

Unha semana chea de emotividade

O SIL/REDACCIÓN

O traballo desenvolvido durante meses por un grupo de xente de Lamalonga (A Veiga), deu o seu froito coa celebración da Primeira Semana Cultural do Alto Bolo, unha das iniciativas que naceu a raíz da creación da Asociación Cultural "Pepe de Barrio" en homenaxe ao escultor que deixou a súa pegada por cada rincón da Veiga.

Xogos infantís, unha exposición fotográfica itinerante sobre

Lamalonga e os seus emigrantes ou a festa popular, foron algunhas das actividades celebradas ao longo de toda unha semana. Sen embargo foron tres os actos máis fermosos e concurridos. Un deles, o concerto ofrecido por dous violinistas do conservatorio da Coruña que cun programa de música clásica deixaron atónitos aos veciños. A actuación do Orfeón Valdeorrés presidido por un veciño de Lamalonga, foi se cabe a máis emotiva, xunto á xornada de portas abertas do museo de Pepe de Barrio onde a xente pudo achegarse ata a obra o escultor.



PACO ASCÓN

A actuación do Orfeón Valdeorrés foi unha das máis emotivas.